



Dona **Iria Antuña Domínguez** en nome e representación da Federación de Ensino de CCOO de Galicia , con domicilio a efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8, 1º andar, 15707 en Santiago de Compostela e teléfono 606.348.093

EXPÓN:

- Que segundo o apartado 4 do art. 117 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) sobre o profesorado do Ensino Concertado se determina a *“equiparación gradual da súa remuneración coa do profesorado público das respectivas etapas”*.
- Que o 12 de marzo de 2008 asinouse en Galicia un Acordo (BOE de 30 de maio de 2008) *co que se procura a equiparación gradual da remuneración do persoal docente do ensino privado concertado coa do profesorado público das respectivas etapas*.
- Que no ano 2010 quedou suspendida a aplicación do Acordo tendo actualmente sen implantar o último tramo de dito acordo.
- Que no mes de xuño de 2018 se firmou un acordo co profesorado do ensino público de subida salarial, polo que se non se negocia co profesorado da concertada a situación de deshomologación verase incrementada.

En función do anteriormente exposto

SOLICITA:

- Apertura dun novo proceso de negociación para avanzar na homologación co profesorado do ensino público como sucede noutras comunidades autónomas do estado.

•Se repoñan o acordo suspendido de 2008, implementando o pago do tramo pendente (45 euros) e o incremento do 2% do complemento retributivo autonómico.

•Se traslade ao profesorado do ensino concertado os mesmos incrementos salariais ca os acordados para os funcionarios.

Santiago a 5 de setembro de 2018

Asdo: Iria Antuña Dominguez



A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Iria', written over two horizontal lines.

SR. CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA
XUNTA DE GALICIA.